

I CONCURSO MUNICIPAL DE ESCAPARATES DO NADAL 2023-2024 CONCELLO DE PONTEDEUME.

BASES

PRIMEIRO.- OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA.

Con obxecto da promoción do pequeno e mediano comercio , a Unión de Comerciantes e Autónomos UCOA , convoca o I Concurso Municipal de Escaparates Do Nadal en colaboración co Concello de Ponte deume.

Coa finalidade de promover, dinamizar e activar o pequeno e mediano comercio local, e incentivar as compras nos establecementos da poboación durante o período de Nadal.

SEGUNDO.-

Poderán participar no concurso todos os pequenos e medianos comercios de Ponte deume, mediante a correspondente solicitude.

TERCEIRO.-

As inscricións serán gratuítas, e faranse no Concello, nas oficinas de Rexistro Municipal, de forma presencial ou a través da Sede electrónica do Concello na solicitude normalizada para o presente concurso.

Período de inscrición: Desde a data de publicación día 29 das presentes bases na Web do Concello ata as 14:00 do día 4 de Decembro de 2023.

CUARTO.-

Os escaparates dos comercios participantes deberán estar expostos como mínimo desde o día 7 de decembro de 2023 ao 5 de xaneiro do 2024.

QUINTO.-

O concurso desta edición será MIXTO : O 50 % da puntuación outorgarase de forma On-line por medio de “ gústasme” na páxina de Facebook Concello de Ponte deume e o 50 % de puntuación será outorgado polo xurado designado pola organización do concurso.

SEXTO.- DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO.

Todos os participantes deberán achegar unha fotografía do escaparate, para a súa publicación en FACEBOOK ao correo : correo@pontedeume.gal antes do día 20 de

decembro de 2023. Esta fotografía será subida ás redes sociais do Concello de Pontedeume.

O gañador do concurso será o comercio cuxo escaparate obtivese maior puntuación entre #gustar "" na páxina de Facebook do Concello e a puntuación outorgada polo Xurado designado pola organización e así sucesivamente co resto de premios.

En caso de empate entre algún/s dos concursantes de escaparates, o desempate será resolvido pola organización, podéndose quedar algún premio vacante, se esta consideráese oportuno, debidamente xustificado.

Repartición de puntuación.

Por medio de "gústasme" recibidos por Facebook, adxudicarase aos 3 escaparates con máis me gustas, a seguinte puntuación:

- 50 Puntos para o Primeiro,
- 40 Puntos para o Segundo,
- 30 Puntos para o Terceiro.

O mesmo número de puntos, serán outorgados polo Xurado aos escaparates que ao seu xuízo sexan merecedores do premio. Os escaparates Gañadores serán o resultado da suma das dúas votacións.

SÉTIMO. - PREMIOS.

1º PREMIO. Dotado coa realización de 2 escaparates por parte dun profesional escaparatista. Escaparate de primavera e escaparate de outono. Diploma de participación.

2º PREMIO. Lote de material didáctico sobre escaparatismo. Diploma de participación.

3º PREMIO. Diploma de participación.

OITAVO.-

O resultado dos gañadores publicárase o día 30 de decembro de 2023.

NOVENO.-

As bases desta promoción estarán ao dispor de calquera persoa interesada no Taboleiro de Anuncios do Concello de Pontedeume, páxina web municipal e redes sociais de UCOA.

DECIMA.-

Aceptación das Bases. Os establecementos participantes aceptan as presentes bases e o criterio da organización na resolución de calquera cuestión derivada do concurso, polo mero feito de participar.